

## 17. ADDENDAS.

---

### 17.1. Introducción.

Neste apartado se recollen aqueles aspectos das programación didáctica do Departamento de Física e Química para o curso académico 2021-2022, que se estiman necesarios para unha mellor comprensión das addendas levadas a cabo.

#### 17.1.1. PARTES CUALIFICABLES DA MATERIA:

Para a cualificación da materia, tal e como se recolle no punto 7.2 da Programación Didáctica deste Departamento relativa a AVALIACIÓN FINAL, se consideran dous tipos de actividades que se agrupan nas seguintes dúas partes:

- **PARTE A:** Referente as **probos escritas e cuestionarios de síntese**.
- **PARTE B:** Relativa ás diferentes **actividades propostas** ao longo da avaliación, ben na aula, e realizadas de xeito presencial, ou ben a través da aula virtual do centro e entregadas de maneira telemática en calquera momento do desenvolvemento das avaliacións segundo o profesorado das materias o indiquen para cada actividade.

#### 17.1.2. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Establecéndose no punto 7.4 da programación didáctica “INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NO ENSINO PRESENCIAL” empregados en cada una destas partes para a modalidade de ensino presencial:

- **Na Parte A: *Probos escritas / Cuestionarios de síntese.***

Ao longo de cada trimestre se realizarán **dúas probas escritas**. Non obstante, se farán *tres probas escritas cando o profesor o considere pertinente* por razóns de un mellor tratamento dos contidos debido as características do alumnado.

Estes instrumentos de avaliación serán **cualificados cunha nota numérica comprendida entre 0 e 10**. As cuestións, problemas e calquera outra actividade que forme parte destes instrumentos terán unha puntuación que será múltiplo de 0,05 .

Os alumnos e alumnas serán *informados previamente da puntuación asignada a cada unha das actividades, de forma oral, ou ben, reflectida no documento* que constitúa a proba escrita/cuestionario de síntese.

En cada trimestre, aos alumnos/as que suspendan algunha das probas escritas, daráselles a posibilidade de recuperala nese mesmo trimestre e antes de que teña lugar a avaliación do mesmo, mediante una proba escrita similar, podendo ademais pedírselles a entrega duns boletíns de actividades que deberan entregar na data da proba de recuperación, e que suporá unha porcentaxe do 25% de dita proba. Se o profesor, por razóns de calendario, o estima pertinente, se poderán substituír estas probas de recuperación por unha soa realizada xusto antes da avaliación de cada trimestre, para que o alumnado recupere a proba ou probas que teña suspensas.

- **Na Parte B: Actividades e proxectos**

En cada un dos trimestres se proporá a realización de algunha ou algunhas dos seguintes tipos de actividades ou proxectos:

- Resolución de boletíns de actividades sobre contidos teóricos e/ou prácticos,
- Exposicións orais sobre temáticas estudadas.
- Realización de traballos de investigación e elaboración do informe científico correspondente.
- Visualización de contidos en formato vídeo ou de simulacións web sobre diversos fenómenos físicos e/ou químicos coa elaboración do informe científico correspondente ou a realización dun boletín de cuestións
- Resolución de cuestionarios tipo test sobre os diversos contidos traballados en cada unha das unidades.
- Procura documental sobre unha temática e posterior realización de póster, mural ou esquema.
- Calquera outra actividade similar as anteriores que se estime oportuna.

**Na súa valoración se empregará unha rúbrica**, que se lle entregará ao alumnado no momento en que se propoña a actividade en cuestión, que contará con diferentes indicadores relativos a:

- Presentación e expresión escrita.
- Creatividade e orixinalidade.
- Uso de distintas fontes de información e análise crítica da súa fiabilidade.

**Dependendo da dificultade da tarefa, o profesor decidirá o peso de cada un destes instrumentos na cualificación da avaliación** e que lle será comunicada ao comezo de cada trimestre ao alumnado.

Nos puntos 7,5 e 7.6 da programación didáctica recóllense os instrumentos e procedementos de avaliación para as modalidades semipresencial e a distancia.

## **17.2. Addenda relativa a modificación dos criterios de cualificación.**

Tal e como se reflectiu nos puntos 2 e 3 da acta do mes de novembro recollida no libro de actas do Departamento de Física e Química para o curso 2021-2022, acordouse entre os membros deste Departamento a modificación dos seguintes puntos da Programación didáctica de este Departamento para o curso académico 2021-2022:

### **Punto “7.4 Instrumentos e procedementos de avaliación no ensino presencial”.**

Os membros do Departamento acordamos ampliar o recollido no seguinte parágrafo sobre a cualificación da parte A relativa as probas escritas/cuestionarios de síntese.

*“En cada trimestre, aos alumnos/as que suspendan algunha das probas escritas, daráselles a posibilidade de recuperala nese mesmo trimestre e antes de que teña lugar a avaliación do mesmo, mediante una proba escrita similar, podendo ademais pedírselles a entrega duns boletíns de actividades que deberán entregar na data da proba de recuperación, e que suporá unha porcentaxe do 25% de dita proba. Se o profesor, por razóns de calendario, o estima pertinente, se poderán substituír estas probas de recuperación por unha soa realizada xusto antes da avaliación de cada trimestre, para que o alumnado recupere a proba ou probas que teña suspensas.”*

O texto que se engadiría a continuación do anterior sería o seguinte:

***“A aqueles alumnos/as que nalgunha das probas escritas/cuestionarios de síntese, acaden unha nota superior a 3,50 e inferior a 5,00 sobre 10,00 se lles poderá ofrecer a posibilidade de poder acadar a nota de 5,00 nesa proba escrita/cuestionario de síntese, mediante a realización duns boletíns de actividades que deberan entregar na data sinalada polo profesor e cumprir cuns mínimos que o profesor lle manifestara no momento de proporlle ditas tarefas.”***

#### **Punto 7.7 da Programación didáctica relativa ós “Criterios de cualificación”**

Co fin de clarificar os criterios de cualificación, tras unha posterior revisión levada a cabo polos membros do Departamento, acordáronse as modificacións que se recollen na seguinte táboa (con tipoloxía de letra cursiva e negriña), e que supoñen que:

- ***Valoración da parte B se realice sobre 10,00 puntos en lugar de sobre 2,50 puntos*** como se recollía anteriormente para os cursos de E.S.O. e Bacharelato, polo que non afecta a porcentaxe inicialmente establecida como cualificación mínima (50% sobre a súa valoración).
- No caso da materia de Cultura científica, si que se modifica esta porcentaxe, xa que a ***nota mínima pasa de ser un 3,00 sobre 8,0 puntos a 3,00 sobre 10 puntos*** (dun 37,5% a un 30%).

DESTE XEITO O ENUNCIADO FINAL DE APARTADO SERÁ:

Na seguinte táboa, **e para as modalidades de ensino presencial e semipresencial**, se reflexa o peso que cada unha das partes sinaladas no punto 7.4. de esta programación teñen na cualificación da avaliación de cada un dos alumnos e alumnas, tendo en conta que cada unha das partes será valorada sobre dez.

<b>MATERIA</b>	<b>PESO</b>		
	<b>PARTE A</b>	<b>PARTE B</b>	<b>Cualificacións mínimas</b>
Física e Química 2ºESO	60%	40%	Para facer media será necesario ter unha nota media igual ou superior a 3,0 sobre 10 na parte A, <b><i>e ter máis de 5,00 sobre 10,00 puntos na parte B.</i></b>
Física e Química 3ºESO	60%	40%	
Física e Química 4ºESO	70%	30%	Para facer media será necesario ter unha nota media igual ou superior a 3,0 sobre 10 na parte A, <b><i>e ter máis de 5,00 sobre 10,00 puntos na parte B.</i></b>
Cultura Científica 4ºESO	15%	85%	Para facer media será necesario ter unha nota media igual ou superior a 2,5 sobre 10 na parte A, <b><i>e ter máis de 3,0 sobre 10,00 puntos na parte B.</i></b>
Física e Química 1º Bach	75%	25%	Para facer media será necesario ter unha nota media igual ou superior a 3,0 sobre 10 na parte A, <b><i>e ter máis de 5,00 sobre 10,00 puntos na parte B.</i></b>
Física 2º Bach	75%	25%	
Química 2º Bach	75%	25%	

**Para a modalidade de ensino a distancia**, determinouse por parte dos membros do Departamento e para todas as materias, agás para Cultura Científica 4º ESO que se rexerá polo establecido na táboa anterior (igual que para as modalidades de ensino presencial ou semipresencial), que os pesos para as partes A e B se determinen:

- ✓ **PARTE A:** 50% da nota da avaliación. A nota desta parte terá a media ponderada de tódalas actividades de avaliación realizadas. A ponderación de cada unha se obterá orientándonos cos EA en cada unha de elas. Para facer a media será preciso ter unha nota mínima de 2,5 puntos.
- ✓ **PARTE B:** 50% da nota da avaliación. Para facer media será preciso acadar como mínimo 2,5 puntos.

**EN TODAS AS MODALIDADES DE ENSINO (PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E A DISTANCIA) DE NON ACADAR A CUALIFICACIÓN MÍNIMA ESTABLECIDA PARA AS PARTE A E/OU B, A NOTA FINAL SERÁ O NÚMERO IGUAL OU INFERIOR A 4 MÁIS PRÓXIMO O QUE RESULTASE DE FACER A MEDIA COAS NOTAS OBTIDAS NAS PARTES.**

Sempre e cando o alumno e alumna obtivera a cualificación mínima establecida para as PARTE A e B, se a nota final é igual ou superior a 4.50, a avaliación estará aprobada; se a nota é inferior a 4.50, estará suspensa.

Unha vez efectuada a avaliación dun trimestre e ao comezo do seguinte, aos alumnos e alumnas que non conseguirán aprobar algún dos trimestres se lle posibilitará a **RECUPERACIÓN** da/s mesma/s a través dos seguintes mecanismos en función da súa modalidade de ensino:

- Na modalidade presencial ou semipresencial efectuar unha **proba de recuperación** dos contidos do mesmo.
- Na modalidade a distancia realizarán unhas **actividades de recuperación**, unha vez rematada a avaliación -nunha data a determinar.
- Nestas probas ou actividades de recuperación o alumno ou alumna deberá acadar unha nota igual ou superior a 4,50.

ACLARACIÓNS:

- No caso de que **nunha avaliación NON se lle proponían aos alumnos tarefas individuais ou en grupo correspondentes a PARTE B**, a porcentaxe correspondente a este apartado pasará a PARTE A (probas escritas/cuestionarios de síntese).
- No traballos, proxectos, probas escritas ou cuestionarios de síntese se terá en conta:
  - As normas ortográficas
  - A corrección léxica e gramatical.
  - A presentación: caligrafía, limpeza, marxes.

O profesor poderá decidir baixar ata 1,00 punto a nota dunha proba ou cuestionario de síntese, ou 0,50 puntos a dun traballo se non se compren.

## 17.3. Addenda conforme a Orde do 25 de xaneiro de 2002.

Para aplicar o establecido na “*ORDE do 25 de xaneiro de 2002 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*” que ten por obxecto actualizar a normativa sobre a avaliación e a promoción na educación primaria, así como sobre a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato, elaboráronse dende o Departamento de Física e Química do IES Xerman Ancochea Quevedo unha serie de addendas para Programación didáctica do curso académico 2021-2022, que afectan particularmente ao recollido no punto 7 desta programación relativo a Avaliación, e que supoñen unha modificación substancial dos puntos 7.8 e 7.9 da programación referentes ás avaliacións finais.

### 17.3.1. MATERIAS DE BACHARELATO.

O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, conforme ao recollido no punto 7 da programación didáctica de este Departamento relativo a Avaliación.

**O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario** (19 de maio para 2º de Bacharelato e 6 de xuño para 1º de Bacharelato), coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá **DEREITO A REALIZAR UNHA PROBA EXTRAORDINARIA** no período comprendido entre os días 20 e 22 de xuño, conforme ao establecido na norma que establece o calendario escolar para este curso. O calendario de exames extraordinarios no período mencionado será acordado a partir do 6 de xuño, unha vez finalizada a avaliación final de 1º de bacharelato, e se porá en coñecemento do alumnado polos medios oportunos.

En relación aos PERÍODOS LECTIVOS POSTERIORES A AVALIACIÓN FINAL de cada un dos curso de bacharelato:

- No **2º CURSO** DE BACHARELATO, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria (19 de maio) ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade (do 7 ao 9 de xuño) e das probas extraordinarias (do 20 ao 22 de xuño).
- No **1º CURSO** DE BACHARELATO, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria (6 de xuño) ata o remate do período lectivo (22 de xuño) dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría

#### 17.3.1.1 Determinación da cualificación definitiva.

A **cualificación definitiva (CF)** da materia acadada na avaliación final ordinaria, independentemente da modalidade aplicada (presencial, semipresencial ou a distancia) e en uniformidade co recollido no punto 7.7. da Programación Didáctica de este Departamento:

- resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións trimestrais ou recuperacións das mesmas (*número enteiro resultante dun redondeo en exceso*):

$$CF = \frac{Av1 + Av2 + Av3}{3}$$

**\*CASO ESPECIAL:** *Naqueles casos de alumnos/as que presenten UNHA soa avaliación non superada cunha cualificación igual a 4, se poderá considerar a materia superada sempre que a cualificación final sexa igual ou superior a 4,50 antes de aplicar o redondeo en exceso.*

- O número que se lle asignará será o *número enteiro resultante dun redondeo en exceso* (no caso dun 4,50 se lle asignaría un 5).
- Deberá ser **igual ou superior a 4.50** para entenderse a materia como superada. a 4 máis próximo o que resultase de facer a media coas notas obtidas nas partes.

Aqueles alumnos/a que presenten **algunha ou algunhas das avaliacións NON superadas despois da Avaliación final ordinaria, e non cumpran a condición do \*caso especial** mencionado anteriormente, poderán aprobar a materia mediante a superación da proba extraordinaria correspondente.

A cualificación de esta proba extraordinaria (**CuaProExt**):

- Consistirá nunha nota numérica comprendida entre 0 e 10, con tres cifras significativas.
- As cuestións, problemas e calquera outra actividade que forme parte deste instrumento terán unha puntuación que será múltiplo de 0,05 .
- A puntuación asignada a cada unha das actividades estará reflectida no documento.

Para o alumando que realice a proba extraordinaria, a cualificación final (CF) se determinará cunha das seguintes fórmulas, tendo en conta as avaliacións que o alumno/a non superara.

Unha avaliación non superada: $CF = \frac{AvS + AvS + CuaProExt}{3}$	Si a cualificación da CuaProExt é inferior a 3,00 a materia considerarase NON superada e a nota final será o número igual ou inferior a 4 máis próximo o que resultase de facer a media coas notas obtidas nas partes
Dúas avaliacións non superadas: $CF = \frac{1}{3} \cdot AvS + \frac{2}{3} CuaProExt$	
Tres avaliacións non superadas: $CF = CuaProExt$	Si a cualificación da CuaProExt é inferior a 4,50 a materia considerarase NON superada e a nota final será o número igual ou inferior a 4 máis próximo o que resultase de facer a media coas notas obtidas nas partes

### 17.3.2. MATERIAS DE E.S.O.

- Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo **tres sesións de avaliación parciais**, tendo lugar a última de estas tres avaliacións o 6 de xuño.
- seguimento da **recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes**, farase conforme ao recollido no punto 10 da programación didáctica de este Departamento relativo ao “Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes”.
- **A data da proba final para o alumnado con algunha materia de este Departamento PENDENTE** será o 11 de maio entre as 8:30 e as 10:00 no Salón de actos, sendo as correspondentes sesións de avaliación os días 12 e 13 de maio.
- **período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final**, concretamente entre os días 6 e 23 de xuño, dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- Para o alumnado que teña **materias ou ámbitos con partes sen superar** logo de realizada a 3ª avaliación parcial, os membros de este Departamento como parte do equipo docente, realizaremos un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

#### 17.3.2.1 Determinación da cualificación definitiva.

Para a o cálculo da **cualificación final (CF)** desde este Departamento acordouse distinguir entre:

- **Alumnado coas tres avaliacións parciais superadas:** con cualificación positiva nas tres avaliacións parciais (número enteiro maior ou igual a 5 nas tres avaliacións parciais). ***Tamén terán esta consideración o alumnado que presenten UNHA soa avaliación non superada cunha cualificación igual a 4 (número enteiro resultante dun redondeo en exceso).***
- ***Alumnado con avaliación ou avaliacións parciais NON superadas:*** O alumnado que no verifica a condición anterior.

Esta distinción responde o diferente tipo de actividades que levarán a cabo uns e outros durante o período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final.

#### ALUMNADO COAS TRES AVALIACIÓN PARCIAIS SUPERADAS.

Este alumnado levará a cabo algunha **actividade-proxecto de reforzo e ampliación** sobre algúns dos contidos estudados a longo do curso que se detallarán no seguinte apartado.

### A cualificación da actividade-proxecto (CuaActPro):

- se levará a cabo coa axuda dunha rúbrica, como as recollida nos Anexos II, III, IV e V de este documento.
- será unha nota entre 1 e 10 (unha cifra significativa) obtida tras un redondeo en exceso.

### A cualificación da avaliación final (CF):

- Resultará da media aritmética das tres avaliacións trimestrais (Av1, Av2 e Av3) á que se lle sumará a cifra que resulte de dividir a cualificación da actividade-proxecto (CuaActPro) dez:

$$CF = \frac{Av1 + Av2 + Av3}{3} + \frac{CuaActPro}{10}$$

- O número que se lle asignará será o **número enteiro resultante dun redondeo en exceso** (no caso dun 4,50 se lle asignaría un 5).

### ALUMNADO CON AVALIACIÓN PARCIAIL NON SUPERADAS.

Este alumnado realizará dous tipos de actividades:

- un **“caderno de recuperación” (CdR)**:
  - no que se recollen actividades de repaso, lecturas de artigos e noticias e posterior realización dun cuestionario, visualización e comentarios de vídeos temáticos e outras actividades que se consideren oportunas. Para cada unha das actividades se indicará en letra cursiva o seu peso na cualificación deste documento.
  - A cualificación deste documento se obterá de sumar as puntuacións acadadas en cada unha das actividades propostas, resultando unha cifra comprendida entre 0 e 10, que constará de tres cifras significativas.
  - se realizará unicamente durante as sesións lectivas, e ao finalizar cada sesión se lle entregará ao profesor.
  - poderá ser diferentes dun alumno/a a outro/a, xa que vai depender das avaliacións non superadas que presenten cada un deles/as.
- Unha **proba escrita final (PEF)** entre os días 20 e 22 de xuño, sobre aqueles contidos e aptitudes pertencentes a aquela avaliación NON superada.
  - A puntuación asignada a cada unha das actividades estará reflectida no documento.
  - A cualificación consistirá nunha nota numérica comprendida entre 0 e 10, con tres cifras significativas.
  - As cuestións, problemas e calquera outra actividade que forme parte destes instrumentos terán unha puntuación que será múltiplo de 0,05 .

***A nota da avaliación/s non superada (AvNS) será substituída pola cualificación Recuperación (CuaRec).***

A **cualificación recuperación (CuaRec)** será o **número enteiro resultante dun redondeo en exceso** do número de tres cifras significativas obtido despois de aplicar a seguinte fórmula:

$$CuaRec = PEF \cdot 0,70 + CdR \cdot 0,30$$

Deste xeito a proba escrita final terá un peso dun 70% e o caderno de repaso dun 30%.

***Non obstante, para poder aplicarse a fórmula anterior, se deberá ter tanto na proba escrita final (PEF) como no caderno de recuperación (CDR) unha cualificación igual ou superior a 3,00 sobre 10. De non acadar a cualificación mínima establecida na PEF e/ou CDR, a nota que se asignará a esa avaliación/s non superada/s será o número igual ou inferior a 4 máis próximo ao que resultase de facer a media coas notas obtidas nos dous apartados (PES e CDR).***



Para determinar a **cualificación da avaliación final** para este alumnado (CuaFin), se empregará unha das seguintes fórmula, tendo en conta as avaliacións que o alumno/a non superara.

➤ **Unha avaliación non superada:**

$$CF = \frac{AvS + AvS + CuaRec}{3}$$

Observacións:

- Si a cualificación de recuperación (**CuaRec**) é inferior a 3 a materia se considera NON superada.
- Si a cualificación final resultante (**CF**) é inferior a 5, despois de aplicar **un redondeo en exceso** a materia se considera NON superada.

➤ **Dúas avaliacións non superadas:**

$$CF = \frac{1}{3} \cdot AvS + \frac{2}{3} CuaRe$$

Observacións:

- Si a cualificación de recuperación (**CuaRec**) é inferior a 3 a materia se considera NON superada.
- Si a cualificación final resultante (**CF**) é inferior a 5, despois de aplicar **un redondeo en exceso** a materia se considera NON superada.

➤ **Tres avaliacións non superadas:**

$$CF = CuaRe$$

Observacións:

- Si a cualificación de recuperación (**CuaRec**), que neste caso coincide coa cualificación final (**CF**) é inferior a 3 a materia se considera NON superada.

SE ESTE PERÍODO FORA NECESARIO LEVARSE A CABO DUN XEITO **SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA**: Para o alumnado con algunha avaliación Non superada, o proceso terá lugar a través da Aula Virtual onde se lle poría a súa disposición o “caderno de recuperación” en formato dixital, de modo que o alumno e alumna deba ir realizando as distintas actividades do mesmo e enviarllas ao profesor nos prazos que se establezan. A proba escrita final terá lugar a través da aplicación Webbex na data e hora que puidese acordar conforme ao horario lectivo e nun dos días do calendario establecido para ditas probas.

### **17.3.3. PLAN DE REFORZO.**

O alumnado que acade a promoción de curso coa materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo, destinado á súa recuperación e á súa superación. Para a elaboración e o seguimento do Plan de reforzo, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Neste sentido, este plan será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices deste departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.



Conforme a normativa actual, este plan de reforzo incluíra, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

#### **17.3.4. PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO**

Dende este Departamento, en relación co **alumnado que non acade a promoción** e que permaneza un ano máis no mesmo curso, se contribuirá a elaboración Plan específico personalizado conforme ao establecido no *artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

## ***ANEXO I DE ADDENDAS. Actividades para o alumnado con todas as avaliacións parciais superadas.***

A continuación, vanse presentar as diferentes actividades-proxecto que se acordaron dende este Departamento para o alumnado con todas as avaliacións parciais superadas de cada un dos cursos da E.S.O., despois de analizar:

- as horas lectivas das que dispoñemos,
- os contidos propios da materia,
- as condicións e características do grupo
- e as limitacións espaciais que a día de hoxe impón o Protocolo Covid.

**2º ESO – Física e Química.** Neste curso dispoñemos aproximadamente de 6 sesións.

Proxecto “Ciencia e pintura”: Aos alumnos/as se lles dará algunhas nocións de pintura, ademais de subministrarlle o material necesario, para que representen nun lenzo algúns dos contidos estudados para o que se lles amosara dous exemplos que poderán tomar como punto de partida. Unha vez rematados os dous lenzos, deberán explicalos ao resto dos compañeiros/as e relacionalos cos contidos da materia estudados.

SE ESTE PERÍODO FORA NECESARIO LEVARSE A CABO DUN XEITO **SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA**: se lle faría chegar o material de pintura, e seguiría as sesións lectivas a través da aplicación Webbex, e realizaría a explicación dos lenzos a través desta mesma aplicación.

**3º ESO – Física e Química.** Neste curso dispoñemos aproximadamente de 4 sesións.

“Concurso Repaso”: No último día lectivo se lles entregará un modelo para que vaian resolvendo as cuestións expostas na pantalla nun determinado tempo.

O alumnado poderá empregar no concurso apuntamentos e esquemas, sempre que estean realizados a man. Nas tres sesións anteriores ao concurso o alumnado elaborará, repasará e organizará os apuntamentos que pretenda utilizar.

SE ESTE PERÍODO FORA NECESARIO LEVARSE A CABO DUN XEITO **SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA**: seguirá a última sesión lectiva en que teña lugar o concurso de xeito telemático a través de aplicación Webbex, debendo ensinar os apuntamentos que vai a empregar ao profesor antes do comezo do concurso para comprobar que están feitos a man, tendo que enviar ao correo subministrado polo profesor, o seu test nun intervalo de 5 minutos unha vez rematada a exposición das preguntas. Para a preparación dos apuntamentos e esquemas poderá resolver as dúbidas que se presenten a través da Aula Virtual ou email.

**4º ESO – Física e Química.** Neste curso dispoñemos aproximadamente de 6 sesións.

“Exposición”: Nos últimos días lectivos o alumnado realizará individualmente unha exposición sobre unha temática relacionada cos contidos estudados ao longo do curso. As temáticas serán propostas polo profesor e sorteadas entre o alumnado, podendo intercambiarse se hai acordo entre eles/as. A duración da exposición deberá estar comprendida entre 3 e 6 minutos.

SE ESTE PERÍODO FORA NECESARIO LEVARSE A CABO DUN XEITO **SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA**: realizará a súa exposición a través de aplicación Webex na data e hora acordada previamente co profesor. Para a preparación da exposición poderá resolver as dúbidas a través da Aula Virtual ou email.

**4º ESO – Cultura científica.** Neste curso dispoñemos aproximadamente de 6 sesións.

“Revista”: Cada un dos alumnos/as elaborará un artigo no que abordarán o tema científico que queiran, cunha extensión de dúas caras de folio dina A4 e conforme ao formato que se estableza de antemán.

SE ESTE PERÍODO FORA NECESARIO LEVARSE A CABO DUN XEITO **SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA**: realizará o seu artigo dende a súa estancia, e irá comunicándose cos seus compañeiros/as a través do chat que o profesor habilitara a tal efecto na Aula Virtual.

*ANEXO II DE ADDENDAS. Rúbrica para valoración do proxecto “ Ciencia e Pintura”.*

Descritores	Porcentaxe	Excelente (4 ptos)	Ben (3 ptos)	Suficiente (2 ptos)	Insuficiente (1 ptos)
				<b>CUALIFICACIÓN TOTAL</b>	
<b>OBSERVACIÓNS:</b>					

**ANEXO III DE ADDENDAS. Rúbrica para valoración de exposiciones.**

<b>Descritores</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Excelente (4 ptos)</b>	<b>Ben (3 ptos)</b>	<b>Suficiente (2 ptos)</b>	<b>Insuficiente (1 ptos)</b>
Sintetiza a información e entende o que expón.	25%				
Utiliza imaxes, táboas, debuxos, gráficos ou calquera outro elemento distinto de texto que aportan un valor engadido.	15%				
Utiliza exemplos que clarifican os conceptos tratados.	10%				
Representa as ideas de maneira estruturada e comprensible, seguindo un orde coherente.	10%				
Se expresa con corrección, cun adecuado uso da linguaxe, con estruturas gramaticais ben construídas, cun ton de voz adecuado e non monótono.	10%				
Mantén unha postura correcta na maior parte da exposición, de pe, mirando ao público e dirixíndose a el, recorrendo en escasas ocasións ao guión en caso de empregalo.	10%				
Cumpre con el tempo mínimo exixido, utilizando o tempo dun xeito frutífero e cunha velocidade de relato adecuado.	10%				
Interactúa co público (realizando cuestións abertas, buscando a súa reflexión, respondendo dúbidas ao termino da exposición ...)	10%				
<b>CUALIFICACIÓN TOTAL</b>					
<b>OBSERVACIÓNS:</b>					

**ANEXO IV DE ADDENDAS. Rúbrica para Revista.**

<b>Descritores</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Excelente (4 ptos)</b>	<b>Ben (3 ptos)</b>	<b>Suficiente (2 ptos)</b>	<b>Insuficiente (1 ptos)</b>
Sintetiza a información e explica os conceptos a tratar con palabras propias do seu nivel académico, definindo aqueles outros conceptos dun nivel superior ou que descoñece.	25%				
Utiliza imaxes, táboas, debuxos, gráficos ou calquera outro elemento distinto de texto que aportan un valor engadido.	10%				
Utiliza exemplos que clarifican os conceptos tratados.	10%				
Representa as ideas de maneira estruturada e comprensible, seguindo un orde coherente.	10%				
Se expresa con corrección, cun adecuado uso da linguaxe, con estruturas gramaticais ben construídas.	10%				
Cumpre cos requisitos sinalados (extensión, formato e deseño acordado)	10%				
Participa activamente na toma de decisións (relativas estrutura da revista, o deseño da portada, os formatos a empregar, a encadernación), levadas a cabo durante as diferentes sesións.	25%				
<b>CUALIFICACIÓN TOTAL</b>					
<b>OBSERVACIÓNS:</b>					

**ANEXO V DE ADDENDAS. Tráballo de recuperación.**

<b>Descritores</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Excelente (4 ptos)</b>	<b>Ben (3 ptos)</b>	<b>Suficiente (2 ptos)</b>	<b>Insuficiente (1 ptos)</b>
Sintetiza a información e explica os conceptos a tratar con palabras propias do seu nivel académico, definindo aqueles outros conceptos dun nivel superior ou que descoñece.	35%				
Utiliza imaxes, táboas, debuxos, gráficos ou calquera outro elemento distinto de texto que aportan un valor engadido.	15%				
Emprega formatos e tipoloxía de letra adecuado que favorece a lectura do mesmo.	10%				
Utiliza exemplos que clarifican os conceptos tratados.	10%				
Representa as ideas de maneira estruturada e comprensible, seguindo un orde coherente.	10%				
Se expresa con corrección, cun adecuado uso da linguaxe, con estruturas gramaticais ben construídas.	10%				
Presenta todas as partes requiridas (nome e curso do autor, título e portada, índice, conclusión e bibliografía)	10%				
				<b>CUALIFICACIÓN TOTAL</b>	
<b>OBSERVACIÓNS:</b>					